

Aprendendo a nubeira

Xosé Miranda

Pois si, Tía Pascasia, non lle vai quedar ningunha da miña casa entre as nubeiras, xa ve. ¡Nós que tiñamos máis de mil anos de tradición! Se ata a nosa casa é coñecida como a do Tronador. Desde que un trasavó meu, que se cadra tamén o é seu, Facundo, estudou nas Covas de Salamanca e foi o primeiro da súa promoción, nunca faltou un tronante ou unha nubeira entre os nosos. E agora, ¡que desgracia! O mundo xa non é o que era. Pérdense tódolos costumes, nin hai respecto nin hai educación. ¿Onde iremos parar? O meu devanceiro foi un tronador tan cumprido que chegou ós libros, e era coñecido en todas partes. En canto se sentía o trono, xa dicía a xente de cen leguas arredor:

—Xa está aí o Facundo, que anda coas zocas polo mundo.

E éralle certo. As zocas esas coas que el metía ruído aínda as viu miña avoa, mire canto duraron. Ían ferradas con chatolas todo arredor. E agora xa lle digo. E non vaia crer que foi porque a nena non quixera, non señora, ela ben que quería e ben que se esforzaba en aprender o regulamento e as mañas do oficio. A que non quixen fun eu. Eu. Si, eu. É que non podía ser. Non aturaba sufrir tanto. Todos se rían de nós, e os que non estaban no allo, veña a sinalarnos co dedo e a murmurar. E o medo que me daba que lle pasara algo. Se non sei como non lle pasou máis do que lle pasou. Que estamos feitos dunha madeira especial, que se non... ¿Quere que lle conte como foi? Pois cóntollo. Pero despois non me sexa lercha e non vaia ir de nube en nube con díxomedíxomes, que non lle quero ser motivo de rexouba e para lingore-

tas xa me chega coas da aldea e coas do barrio, que esas aínda son peores.

Pois o caso foi que a Rosiña, que daquela andaría nos seis ou sete anos, tiña boa disposición, pero poucas cualidades. Ela dedicación poñíalle, e ben vía eu que lle gustaba o oficio, e pensaba que, co tempo e cun pouco de esforzo, había poder facer grandes cousas. Xa sabe que llo tiña que aprender todo ás costas do meu home, que nin é nubeiro nin cos nubeiros quixo ter nunca nada que ver, non sendo comigo, e ata a min chegou a prohibirme exercer a miña arte. ¡Ah, pero a cabra sempre ó monte tira e a min non hai quen me saque desto! Así que vou procurando que non se me decate o Emilio e el vai procurando non decatarse.

O que lle contaba. Emilio nin é nubeiro nin é da aldea, que xa naceu en Vigo e de alí pouco saíu. Pero é mirado como o que máis e gústalle quedar ben cos veciños e que non teñan nada que comentar de nós nin dos nosos parentes. Por eso non quere que andemos nas nubes e por eso non lle chistaba nada que nos chamasen os do Tronador. ¡E a min co que me gustaba! ¡Que fachenda que lle chamen a unha así e que non se atrevan a ollarte de fronte! Pois ó gran: primeiro empecei por lle explicar á Rosiña os xeitos de subirmos ás nubes. E mentres foi teoría, todo ben. O que é en canto chegamos á práctica, xulgue vostede, comadre.

Quixo facer unha polvoriña, para o que tiña que xuntar unha morica de po e mexarlle enriba. Se se fai ben é un método moi cómodo. Levántase deseguida un remuíño de po e só tes que agarrarte a el e xa te sobe dando voltas. É como unha escaleira de caracol mecánica, sal-

vando as distancias. Foi a nena, mexou e mollou as pernas, os zapatos, as medias e a saia, pero de polvoriña, nada. Entón fixo unha fumieira, que onda nós consiste en usar un buraco dunha tiopa e facer lume nel. Despois agárrase un á columna de fume e é coma un ascensor. Vai a Rosa e ó acender o mixto queima os dedos e ponse a chorar. E o fume saíu rastreiro, cegounos os ollos e fíxonos bagoar. Cheiraba tanto a roupa que tiven que inventar unha patraña para llo explicar ó Emilio.

Daquela decidín intentar o terceiro método, que é o mellor: o meco. Non sei se sabe que o meco é un remuíño máximo de aire, que se forma recitando un esconxuro. Sobes sen te decatarse, como quen vai nunha montaña rusa. Fíxenlle aprender ben o esconxuro, letra a letra, e cando xa estaba preparada fomos as dúas a un descampado. Só podíamos actuar as fins de semana que iamos á aldea, ou polas tardes fóra de horas de clase e antes de que saíra o pai do traballo. Menos mal que saquei o carnet de conducir e collía o Ford Fiesta e buscaba lugares afastados e solitarios. Trabucouse ó recitar a ladaíña e formouse unha negra. Negrísima: un tifón como eu nunca vira na miña vida. Unha columna de vento xirando e bruando que me puxo medo. Lanzounos dun balocazo sobre a herba dun prado, arrincoume a saia, deixou sen pólas un castiñeiro e tronzo un piñeiro, levantou unha vaca en peso, volcoume o Ford Fiesta, que despois tiven que chamar o guinche, eu que sei o que fixo. Tan nerviosa me puxen que non atinaba coas palabras para paralo. E seguiu e seguiu bruando e



TEO PUEBLA.

zampando cousas ata que puiden dominalo e facer que fora rachando en borascas e vendavais. ¿Como quere que non teña o pelo branco con eses disgustos, muller?

O que me custou convencer ó meu home só o sei eu. Desespereime e governei de irlle ensinando á nena outras cousas primeiro e deixar esa parte para máis adiante. Co que eu non contaba é co aguda que me saíu, que meter métese nelas e despois teño que ir eu quitala.

Pois ¿non se lle ocorre collerme o Libro de Ler e Desler e irse cunha compañeira do colexio, que facían segundo de primaria, o Demo me leve, a facer ensaios na pista cuberta do patio. E menos mal que os fixeron alí, que se non...

Mentres a que leu foi a compañeira todo lles saíu ben: a compañeira lía, con voz repousada e pronunciando con xeito cada palabra, a modiño, como compre, e Rosiña ía subindo, ía subindo, ía subindo, ata que chegou ó teito do pavillón. E,

como a outra lía aínda, tivo que se agachar, que xa a cabeza lle petaba nas vigas metálicas da cobertura.

—¡Para, muller! —díxolle á outra.

—¿Que fago agora?

—Agora tes que desler.

—¿Como se fai eso?

—Les as palabras ó revés. E non te equivoques, que é arriscado.

A outra leu, aínda máis a modo, que desler élle difícil, e Rosiña foi baixando. Cando a outra dubidaba, porque as pala-



bras do revés parece que non teñen aló moito sentido, Rosiña abalaba no aire. Por fin chegou ó chan.

—¿Que tal? —díxolle a amiga.

—Superguai —dixo ela, ¿e logo que ía dicir?

—Agora tócame a min —dixo a rapaza, e Rosiña púxose a ler.

Como a miña filla é así como é, pasou o que pasou. Primeiro leu a tropezóns e a outra nena subiu como nun ascensor que vai parando en cada andar. Despois trabucouse varias veces e a outra foise para os lados e protestou. Logo saltouse unha liña e a compañeira nin subía nin baixaba. E aínda despois volveu atrás, empezou de novo e a amiga foi subindo, pero ela púxose nerviosa e empezou a ler de corrido. A colega subiu coma un foguete e deu un trompazo contra o teito que viu as estrelas.

—Báixame —pediulle. Porque seica lle doía e xa non lle gustaba o xogo.

O malo é que neso sentiron chegar á profesora de ximnasia que viña con outras rapazas. Rosiña, que non soubo que facer, pechou o libro e botouse a correr e, claro, ó pechar o libro sen desler as palabras, caeu a outra desde alá arriba e meteuse unha fuciñada que rompeu dous dentes e non sei cantas costelas e estivo un mes no hospital e que lle vou dicir canto tempo con escaiolas. ¡Miña mai, a que se armou, e eso que nunca souberon como subira alí, porque non lle creron unha palabra! Xa entón tiveron as miñas dúbidas sobre a capacidade de Rosiña para ser nubeira e sobre a conveniencia de aprenderlle máis segredos. Pero o sangue sempre tira, todos temos o noso orgullo e ninguén quere recoñecer que o seu fillo non val para determinada cousa. Boteille tres broncas das boas: unha por coller o libro sen permiso, outra por usalo sen saber, e outra por contarlle os nosos asuntos a estraños. Non hai nada peor que ser indiscreta. E a xente non nos mira con moi bos ollos. Sen embargo seguín coas leccións, sempre a escondidas do pai, e conseguín ensinarlle case todo o que sei de nubes, raios e tronos. Faltábame, claro, o máis importante, que é como controlar os elementos e non deixar que eles te dominen. Faltábame a lección dos ventos, e outras varias. Pero o que é xogar coa auga, construír unha tormenta, e todo eso, chapó. Sa-

bíao a nena de cabo a rabo. Fixemos algunha que outra práctica na aldea, e de marabilla. Todo desde terra, que ás nubes non a subín para nada. Despois das experiencias que tiña, só de pensalo mareábame. De momento que se fose conformando co mando a distancia. ¿Pero sabe que pasou? Que un día que fomos á aldea e eu enredei por alí coas miñas cousas, xa se sabe, que se rozar os valados, que se fregar os cacharros, que se facer o xantar, que se falar coas comadres, que se visitar os parentes, que se esto e que se o outro, o meu home, por buscar algo de conversa e deixarse ver, foi á misa e levou a nena canda el. Non é que sexa relixioso, que ha ser. O que pasa é que no adro da igrexa é onde se xunta a xente, e despois van botar un viño na taberna, ou se cadra dous, e comentan do tempo, que mira que me fai a min gracia que falen sempre do tempo, como se soubesen algo deso. ¿Eh, comadre, non lle parece? Deixalos falar e nós facer o tempo que nos pete, e eles que latriquen. Eso é. Ó volver a casa pai e filla pasaron por onda unha fonte. Elle unha fonte que dá xenio vela, que auguiña máis fresca, no verán e no inverno. Malia que agora con eso dos ludrios que chaman puríns non se poida beber. Ó ver a fonte dixo a miña filla:

—Oi, papá, olla que fonte máis boa para facer unha treboada de saraiba.

O Emilio levou un susto e de primeiras quíxolle arremangar un sopapo. Pero despois creu que era mellor tirarlle da lingua e preguntoulle:

—¿E logo ti sabes facer unha treboada?

—¿E non hei saber!

—Logo aprendeuche túa mai.

Aí a nena acovardouse e calou. Ai, si, pero o Emilio xa andaba coa mosca na orella e insistiu:

—¿E que sabes facer?

—Treboadas.

Quixo saber el o que había de verdade ou non no conto.

—Pois fai unha, a ver.

Nunca tal fixera. Vai a nena e fai o que eu lle ensinara, pero mal, coma sempre que eu non estou para acudirlle, e formou, efectivamente, a treboada. Era un día de sol claro, asábanse os paxaros coa calor e os lagartos fritíanse nas pedras. Nin un sopro de bris e nin unha sombra

de nube. E de repente aquilo. Unha tormenta que non a lembran igual na parroquia. Seica ó levantar o Emilio a vista aterrouse.

—¡Mi madre! Vai esmagar tódalas colleitas e vai causar a ruína de algún. Se o saben mátannos. Desfaina, Rosiña. Polo que máis queiras.

—Non podó.

—¿Desfaina, neniña! ¡Desfaina!

—Que non podó, papá, que non sei. Seinas facer, pero non as sei desfacer. Agora ten que descargar.

—Pois mándaa logo a unha terra nosa—díxolle o pai, e eso foi o que fixo: mandou a treboada contra unha parte que son fincas nosas e da miña irmá, que é solteira, e é como se foran nosas.

Caían pedras do tamaño dos cubos de xeo das neveiras. Coma ovos de paspallás. Aínda nunca eu os fixera coma aqueles. Está visto que a Rosa tiña cualidades. Os campos nos que caeu non nos deron nada en catro anos. Quedaron uns sucos como se caesen bombas. E o que deu que rir que nas fincas do Tronante caera a treboada. Non llo quero nin contar. Chegou o Emilio a casa e houbome matar. ¿E eu como me desculpaba, quéremo dicir? ¡Se tiña el toda a razón! Toda, porque a rapaza é unha mala cabeza. Así que non me quedou máis remedio que facer o que fixen. E, a verdade, aínda que non me descubrira o meu home tería que acabar por facelo igual, ¿non lle parece? Díxenlle:

—Tranquilo, que esto amáño eu.

Enchín unha palangana con auga. Chamei á rapaza, púxena dun lado e mandeille saltar por riba da palangana. Saltou. Esqueceu todo o que lle ensinara e nunca máis se volveu lembrar. Agora xa nin sabe que é filla dunha nubeira. Cando mira as nubes non pensa que hai xente nelas. Nin sequera sabe que ela quixo subir algunha vez. O Emilio, tan contento. Eu non. ¿Como vou estar contenta se na casa do Tronante acábanse os nubeiros e eu son a última dunha tradición ilustre que durou séculos? ¿Como non entende o meu home esto que lle digo? ¿E como quere que estea contenta cando a nena ve a televisión en vez de ver o mundo desde aquí, como o vemos nós? Xa non lle hai fantasía.

Pero, dígame a verdade, ¿a que non podía facer outra cousa?